



**Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela**

**Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no pleno.**

De conformidade co establecido no contrato para a xestión do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, concretamente no "Plan de renovación do material móbil", no ano 2015 debería procederse á renovación de 11 vehículos para a prestación do servizo. A tales efectos, na Xunta de Goberno de 21 de marzo deste ano acordouse requerir a UTE TRAPSA-AULUSA para que sinalase a fórmula de financiamento do subministro, a fin de iniciar o propio Concello o procedemento de contratación, requerimento ao que a referida UTE respondeu a mediados do mes de abril. Nesas datas, a sociedade municipal TUSSA xa tiña practicamente ultimado un prego coas correspondentes condicións técnicas, pero o proceso de contratación quedou interrompido coa celebración das eleccións municipais; porén, o novo goberno constituíuse a mediados de xuño, sen que lle conste a este grupo municipal a realización de ningún trámite orientado a facer efectiva a necesaria renovación de 11 autobuses. Á vista do exposto, cómpre formular a seguinte pregunta:

Nestes catro meses, e ata o data de rexistro da presente pregunta, que pasos se deron para facer efectiva o antes posible renovación de once autobuses do servizo de transporte urbano colectivo?

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela